

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 26 DE DECEMBRO DO 2025.**

ASISTENTES:

Presidente: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE Membros que asisten: BARREIRO REGO ANA ISABEL PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO BRION SANTAMARIA JUANA MARIA PEREZ GOMEZ CARMEN MUÑIZ MUÑIZ ELADIO MARIÑO DE BRICIO VICENTE	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretaria Xeral acctal.: SIEIRA RIOS MARIA Membros que non asisten: POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA
---	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 10:00 do día Vinte e seis de Decembro do Dous mil vinte e cinco, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Extraordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 20 de outubro de 2025, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 18/12/2025

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202512/366

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 19/12/2025. DECRETO: "APROBACIÓN DEL PROYECTO PARA LA EJECUCIÓN DE LAS OBRAS DE RESTAURACIÓN Y PUESTA EN VALOR DEL PATRIMONIO ETNOGRÁFICO: LAVADERO DE "A PENISQUEIRA" (PSTD-PRTR)"

3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202512/393

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 22/12/2025. DECRETO: "RECTIFICACIÓN DE ERROR MATERIAL DETECTADO EN EL DECRETO 202512/292 DE 16/12/2025 DE APROBACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA LA EJECUCIÓN DEL PROYECTO DE OBRAS DE "FÁBRICA DE



SALAZÓN, DISEÑO Y CONSTRUCCIÓN DE UN MIRADOR-PUNTO INTERPRETACIÓN DEL PAISAJE EN PUNTA CASTRO" (PSTD-PRTR)"

4.- SOLICITUDE INSTALACIÓN ATRACCIÓN DE FEIRA – Esteban Marín Petrovich

Queda sobre a mesa pendente dun maior estudo o escrito presentado por **Esteban Marín Petrovich**, de data 22/12/2025 (Rexistro de entrada nº 30.417), no que solicita autorización para a instalación dunha atracción de feira ("Caseta de Globos"), durante a celebración das Festas do Nadal, na Praza de España (Ribeira).

5.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Lino Ecurís Pardavila

Visto o escrito presentado por **Lino Ecurís Pardavila**, de data 17/11/2025 (Rexistro de entrada nº 27.572), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A024003080000KO, situada en COUSO Pol. 024 Par. 00308-AGUIÑO, Ribeira.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Emilio José Domínguez Rodríguez, de data 17/12/2025, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

01.DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:

Nome/razón social: ESCURIS PARDAVILA LINO
NIF: ***241***

02.DATOS DA PARCELA

Localización: COUSO Pol. 024 Par. 00308- AGUIÑO.
Ref. Catastral: 15074A024003080000KO
Plano do PXOM: Planos nº 2.10 do PXOM de Ribeira; Folla 0151A-0305 do PBA.

03.ANTECEDENTES

03.01. Con data do 17.11.2025, obtén rexistro de entrada (RE.: ENTRADA: 202527572), unha solicitude de información urbanística.

Achégase:

- Solicitude do interesado
- Xustificante do pagamento dos tributos municipais.
- Referencia catastral.

04.NORMATIVA APLICABLE

- **Plan Xeral de Ordenación de Ribeira**, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM.
- **Lei 2/2016**, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG.
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG.
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia, en adiante PBA.
- As demais normas que sexan de aplicación, nomeadamente a lexislación vixente sobre o réxime do solo e a ordenación urbana.

05.INFORME



O Concello de Ribeira conta cun plan xeral de ordenación aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM. Será de aplicación o establecido na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Decreto143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 e o Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico. De acordo coa Disposición transitoria 1ª.2 da LSG, o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela consonte a unha serie de regras.

05.01.Réxime urbanístico:

A parcela para as que solicita información atópase en solo Rústico.

De acordo coa Disposición Transitoria Primeira da LSG, apdo. 2 c), ao solo rústico aplicaráselle o disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia para o solo rústico.

Da consulta do PBA, obsérvase que a parcela para a que se solicita información atoparíase:

- Afectada pola zona de servidume de costas
- Afectada parcialmente por unha liña de media tensión.
- Afectada parcialmente por patrimonio cultural.

Segundo o deslinde do Servizo Periférico de Costas, e a cartografía óbrante no visor do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a parcela atópase na Zona de Servidume de Protección (arts. 23 e DT3ª da Lei de costas) estando afectada pola citada servidume.

Da consulta do POL, obsérvase que a parcela para a que se solicita información atoparíase:

- Afectada pola zona Protección costeira
- Afectada pola zona de Espacio de Interese


Da consulta da concesionaria de Auga e Saneamento extraese:


- Segun a concesionaria de Desague e Auga potable o Ben inmovible **SI** conta con lineas de Auga polas cercanías da parcela, e **NON** o Desague; para solicitude de acometidas ten a súa disposición tramite previo ante a concesionaria (e fundamentar que a concesionaria se pronuncie en terminos de presión e suficiencia de abastecemento).

Afectada parcialmente por unha liña de media tensión Consecuencia do sinalado haberá que outorgarlle, varias categorías de (SPRC) **solo rústico de protección de costas + (SPRPT) solo rústico de especial protección patrimonio + (SPRIN) solo rústico de infraestruturas.**



Os **usos e actividades permitidos**, o **réxime dos usos** e as **condicións xerais da edificación** para o solo rústico recóllense nos artigos 35, 36 e 39, respectivamente, da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A continuación adxuntaxe a cartografía de aplicación:







Plano nº 2.18 do PXOM.




Plano nº 0151A-0408 do PBA.





Plano nº BF04 do POL.



Plano de Liñas Xerais Auga Potable e Saneamento.

6.- PROPOSTA DE SINALIZACIÓN VIARIA – Rueiro das Abesadas (Ribeira)

Queda sobre a mesa a proposta de sinalización viaria no Rueiro das Abesadas (Ribeira) presentada pola Policía Local, de data 12/12/2025.

7.- PROPOSTA DE AMPLIACIÓN DE LIÑA AMARELA NA RÚA LAGAREU (RIBEIRA)

Queda sobre a mesa a proposta presentada pola Policía Local, de data 14/12/2025, relativa á ampliación da liña amarela na Rúa Lagareu (Ribeira), á altura do nº 3, pola dificultade de manobra que afecta aos vaos permanentes nº 11/01 e 28/05 debido á estreitez da vía.

8.- ADXUDICACIÓN DAS AXUDAS A DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DO CONCELLO DE RIBEIRA. ANO 2025

Vista acta da reunión da comisión avaliadora das bolsas a deportistas do ano 2025 do Concello de Ribeira, de data 17/12/2025, relativa á adxudicación de axudas a deportistas individuais do Concello de Ribeira, ano 2025.



Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 18/12/2025.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

1º.- Rexeitar as seguintes solicitudes por non acadar a puntuación mínima solicitada nas bases :

- Manuel Fontaíña Bermo (11 ptos) : Non acada os 3 puntos mínimos no apartado de palmarés, Non acada os 13 puntos mínimos na puntuación final.
- Rodrigo Fernández Marqués (11 ptos): Non acada os 13 puntos mínimos na puntuación final.
- Álvaro Castiñeiras Fernández (9 ptos): Non acada os 3 puntos mínimos no apartado de palmarés. Non acada os 13 puntos mínimos na puntuación final.
- Eizan Calo Fernández (8 ptos): Non cumpre o requisitos de idade marcados nas bases do procedemento. Non acada os 13 puntos mínimos na puntuación final.

2º.- Repartir as bolsas o resto de solicitantes, de forma proporcional a puntuación obtida, de acordo coa seguinte relación:

NOME E APELIDOS	PUNTUACIÓN	CANTIDADE
IRENE MONTEMUIÑO MARTINEZ	18	792,45 €
IVÁN PARADA NOVO	18	792,45 €
LOIS TOMÁS GONZÁLEZ	18	792,45 €
NURIA CERNADAS AGEITOS	18	792,45 €
ALEJANDRO CERNADAS AGEITOS	18	792,45 €
AINHOA TEIRA PÉREZ	17	748,43 €
ALEJANDRO PAZ ALBORÉS	17	748,43 €
TOMASA FRANCO MARTÍNEZ	17	748,43 €
MARTA TEIRA ALVITE	16	704,40 €
ALBERTO DE LA IGLESIA FRANCO	16	704,40 €
JUAN RAMÓN MILLARES VILAR	16	704,40 €
NOA SANTAMARÍA GUDE	16	704,40 €
BRUNO IGLESIAS SANLES	15	660,38 €
PABLO RUIZ SANTOS	15	660,38 €
JEYDEN JAEI SILVA GUERRERO	15	660,38 €
MARÍA MUÑOZ RAMA	15	660,38 €
LUCÍA AGEITOS ROMERO	14	616,35 €
IKER NOVO LOJO	13	572,33 €
NAIRA PARADA MONTEAGUDO	13	572,33 €
JESUS PATIÑO RIOS	13	572,33 €
TOTAL		14.000,00 €



9.- SOLICITUDE OCUPACIÓN TEMPORAL DE ESPAZO PÚBLICO – Asociación Cultural Real e Ilustre Cofradía da Dorna

Visto o escrito presentado por Virginia Novoa Álvarez en representación da **Asociación Cultural Real e Ilustre Cofradía da Dorna**, de data 17/12/2025 (registro de entrada nº 30.178), no que solicita a ocupación da Praza da Porta do Sol (Ribeira), o día 31/12/2025, en horario de 09:00 h. a 17:00 h.; así mesmo, solicita o uso da carpa municipal se, por circunstancias meteorolóxicas, non se puidese ocupar a Praza da Porta do Sol.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a ocupación da Praza da Porta do Sol (Ribeira), o día 31/12/2025, en horario de 09:00 h. a 17:00 h.
- Autorizar o uso da carpa municipal o mesmo día e co mesmo horario, se por circunstancias meteorolóxicas non se puidese ocupar a Praza da Porta do Sol. Sempre tendo en conta a dispoñibilidade da carpa municipal para esa data.
- Informar ao/á solicitante que deberá estar en posesión da correspondente póliza de responsabilidade civil actualizada.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local e á área de Cultura para o seu coñecemento.

10.- SOLICITUDE DE INSTALACIÓN DE ALUMEADO DE NADAL EN ESPAZO PRIVADO – Comunidade de Propietarios Urbanización Horta de Ferrer (Fase II)

Visto o escrito presentado por Emilio Picanes Mosquera en representación da Asesoría Beny García & Asociados, S.L., e á súa vez, en representación da **Comunidade de Propietarios Urbanización Horta de Ferrer (Fase II)**, de data 18/12/2025 (Registro de entrada nº 30.275), no que solicita autorización para a instalación do alumeado do Nadal na súa urbanización, situada na Rúa Xunqueiras, nº 15, Aguiño.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a a instalación do alumeado do Nadal na súa urbanización, situada na Rúa Xunqueiras, nº 15, Aguiño.
- Informar ao/á solicitante que deberá estar en posesión da correspondente póliza de responsabilidade civil actualizada.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

11.- SOLICITUDE OCUPACIÓN TEMPORAL DE ESPAZO PÚBLICO – Musieventos

Visto o escrito presentado por Ángel Blanco Tomé en representación de **Musieventos**, de data 18/12/2025 (Registro de entrada nº 30.199), no que solicita a ocupación da Rúa Alcalá Galiano (Ribeira), o día 31/12/2025, en horario de tarde, para a celebración dun concerto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a ocupación da Rúa Alcalá Galiano (Ribeira), o día 31/12/2025, en horario de tarde, para a celebración dun concerto.
- Informar ao/á solicitante que deberá estar en posesión da correspondente póliza de responsabilidade civil actualizada.



- Informar ao/á solicitante que deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación, horario e desenvolvemento do citado evento.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

12.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – María del Mar Pego Santos (REVIRAVOLTA)

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **María del Mar Pego Santos** en representación establecemento “**Bar Reviravolta**” (Olveira), de data 19/12/2025 (Rexistro de entrada nº 30.302), no que solicita permiso para a celebración de evento musical no establecemento hostaleiro “**Bar Reviravolta**” (Olveira), o día 26/12/2025, ás 22:00 h, **debedo respectar os horarios de peche**.

Así mesmo, se informa que só se concederá autorización sempre que o establecemento no teña aberto expediente sancionador. No caso de celebración de evento musical no exterior do local, deberá estar en posesión da correspondente póliza de seguro de responsabilidade civil actualizada.

13.- SOLICITUDE INSTALACIÓN MESA INFORMATIVA – Ricardo Alberto Lozano Sánchez

Visto o escrito presentado por **Ricardo Alberto Lozano Sánchez**, de data 19/12/2025 (Rexistro de entrada nº 30.364), no que solicita autorización para a instalación dunha mesa informativa de carácter relixioso na Rúa de Galicia (Ribeira), todos os venres do ano 2025, en horario de 11:30 h. a 13:30 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a instalación dunha mesa informativa de carácter relixioso na Rúa de Galicia (Ribeira), todos os venres do ano 2025, en horario de 11:30 h. a 13:30 h.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

14.- DACIÓN DE CONTA DOS PREMIADOS NOS CONCURSOS DE EMBECEMENTO DE NADAL

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da proposta presentada polas concelleiras delegadas de Cultura, Ana Isabel Barreiro Rego, e de Promoción Económica, Carmen Pérez Gómez, relativa aos resultados dos concursos de Embeceemento de Nadal en cada unha das modalidades así como a concesión dos premios-cestas aos gañadores.

15.- ACHEGA CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN CULTURAL REAL E ILUSTRE COFRADÍA DA DORNA (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta de xustificación documental e proposta de pagamento de subvención emitida polo Concelleiro Delegado de Festexos, Mar e Promoción do Litoral, Fernando



Abraldes Pérez, de data 19/12/2025, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación Cultural Real e Ilustre Cofradía da Dorna; co obxecto de regular o apoio económico para a organización do Programa *LXXVII Sinjladura Festa da Dorna* correspondente ao ano 2025.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 19/12/2025.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación Cultural Real e Ilustre Cofradía da Dorna; co obxecto de regular o apoio económico para a organización do Programa *LXXVII Sinjladura Festa da Dorna* correspondente ao ano 2025.

16.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Verónica Elena Nogueira Carrera (O DA RUBIA)

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **Verónica Elena Nogueira Carrera** en representación establecemento **“Bar O da Rubia”** (Ribeira), de data 22/12/2025 (Rexistro de entrada nº 30.380), no que solicita permiso para a celebración de evento musical no establecemento hostaleiro **“Bar O da Rubia”** (Ribeira), o día 27/12/2025, en horario de 21:00 h. a 01:30 h.

Así mesmo, se informa que só se concederá autorización sempre que o establecemento no teña aberto expediente sancionador. No caso de celebración de evento musical no exterior do local, deberá estar en posesión da correspondente póliza de seguro de responsabilidade civil actualizada.

17.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

VISTA a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Educación, Juana Brión Santamaría, de data 22/12/2025, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Universidade de Santiago de Compostela.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste no mantemento dunha sede do Programa Universitario de Maiores, IV Ciclo (Curso académico 2025-2026).

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 22/12/2025.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:



Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Universidade de Santiago de Compostela; cunha consignación por importe de 18.000,00 € na aplicación orzamentaria 323 45102 en concepto de subvención.

Segundo.- Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

18.- APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS ECONÓMICAS INDIVIDUAIS PARA FAVORECER A AUTONOMÍA PERSOAL E A ACCESIBILIDADE. ANO 2025

Vista a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 22/12/2025, relativa á xustificación das axudas económicas individuais para favorecer a autonomía persoal e a accesibilidade do ano 2025.

Vista a documentación que consta no expediente.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 23/12/2025.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Aprobar a xustificación das axudas económicas individuais para favorecer a autonomía persoal e a accesibilidade do ano 2025 ás persoas beneficiarias, segundo a seguinte relación:

Nº REXISTRO	PERSOA SOLICITANTE	XUSTIFICACIÓN	CONTÍA XUSTIFICADA
202500023571	S.G.G	Presenta factura	2.000 €
202500023210	R.M.L	Presenta factura	600 €
202500023759	J.A.T.P	Presenta factura	143€
202500023579	M.R.P.F	Presenta factura	1.500 €
202500022456	J.C.F.S	Presenta factura	1500 €
202500020662	E.M.M	Presenta factura	1.331 €
202500023069	M.M.S	Presenta factura	1.500 €
202500020784	M.J.P.G	Presenta factura	1.485 €
202500022527	D.G.S	Presenta factura	2.000 €
202500023342	A.R.M	Presenta factura	2.000 €
202500023758	J.P.M	Presenta factura	300 €
202500023042	C.G.P	Presenta xustificante de transferencia bancaria	2000 €
202500023619	V.S.L	Presenta factura	600 €

- Requirir a devolución da contía concedida por non presentar xustificación aos beneficiarios que constan na seguinte relación:

Nº REXISTRO	PERSOA SOLICITANTE	NON XUSTIFICAN	CONTÍA CONCEDIDA
202500023596	D.P.G	Solicita mediante mail a Servizos Sociais a renuncia da contía económica e, polo tanto, debe requerirselle a devolución da mesma.	2.000 €
202500022637	F.J.G.S	Non presenta factura nin documento probatorio de	300 €



	ter xustificada a axuda económica.	
--	------------------------------------	--

19.- SOLICITUDE DE CESIÓN DO POLIDEPORTIVO ALCALDE TORRES COLOMER Á ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA COMISIÓN FESTAS AMIGOS DE PALMEIRA, PARA A “CELEBRACIÓN DUNHA CABALGATA DE REIS CON CHOCOLATADA”

LOGO DE VER que Dna. Tania Santos Ferrás, con DNI: 53.489.736-Q, en representación da “Asociación Cultural e Deportiva Comisión Festas Amigos de Palmeira”, presenta escrito de data 21-10-2025, con número de rexistro de entrada municipal 25.319, solicitando:

“O LUNS 5 DE XANEIRO DO 2026, REALIZAREMOS EN PALMEIRA A CABALGATA DE REIS CON CHOCOLATADA. PARA ISO PRECISAREMOS QUE SE NOS CONCEDA O PERMISO PARA UTILIZAR O PAVILLÓN “ALCALDE TORRES COLOMER” XA QUE É A ÚNICA INSTALACIÓN QUE PODRÍAMOS USAR. NECESITARÍAMOS QUE NOS FACILITEN OS CHURROS E O CHOCOLATE. TAMÉN MESAS E SILLAS PARA COLOCAR NO PAVILLÓN. SOLICITAMOS TAMÉN A LIMPEZA DO MESMO E CONTENEDORES PARA PODER DEPOSITAR O LIXO. RECOLLERANSE REGALOS, QUE A XENTE DEPOSITE EN FORMA DE DONATIVO, PARA DARLLES AOS NENOS MÁIS NECESITADOS. PARA ESTAS NAVIDADES INFORMAR QUE VOLTAREMOS A FACER O “PASABARES DE NADAL” CONSISTE EN REALIZAR UNHA FOLIADA POLOS BARES DA PARROQUIA, CELEBRARASE O SÁBADO 20, PARA O PASABARES NON PRECISAMOS NADA DO CONCELLO, É POR MERO AVISO”.

E DE VER os informes-propostas dos técnicos dos departamentos de Cultura e Deportes do Concello de Ribeira, así como a proposta do concelleiro de deportes, de data 23/12/2025, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

Se procede, sexa autorizada a cesión do polideportivo Alcalde Torres Colomer (Palmeira), á Asociación Cultural e Deportiva Comisión Festas Amigos de Palmeira, para a celebración dunha “Cabalgata de reis con chocolatada”, cos seguintes condicionantes:

- **A autorización será gratuíta**, conforme o artigo 7º.2 da “Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais”, o tratarse dunha actividade de carácter social e formativa.
- **A cesión das instalacións será só para o luns 05 de xaneiro de 2026, de 16.00 a 23.00 horas** (contando coa montaxe, celebración e demontaxe do evento).
- **O departamento de deportes cederá mesas** para o desenvolvemento do evento (a cantidade das mesmas, será acordada entre o solicitante e o departamento).
- **O departamento de cultura cederá cadeiras** para o desenvolvemento do evento (a cantidade das mesmas, será acordada entre o solicitante e o departamento), **atenderá a solicitude de chocolate con churros** para os asistentes e **tramitará a solicitude de contenedores ao servizo de limpeza**.
- **O solicitante deberá comprometerse a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego**, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.

Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización deste tipo de eventos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.



Lémbrese á entidade organizadora que, conforme á Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, así como o Decreto 226/2022, e o resto de normativa vixente en materia de orde pública e seguridade cidadá, **deberán cumprir coas seguintes obrigas:**

- **Memoria do evento:** Descrición detallada, horarios e número de participantes.
- **Plan de Seguridade e Emerxencias:** Inclúe previsión de ambulancias e/ou personal médico (mínimo 1 ambulancia e 1 médico para eventos xerais, aumentando según o aforo previsto).
- **Seguro de Responsabilidade Civil:** Póliza vixente que cubra posibles riscos a participantes e público, cos capitais mínimos establecidos polo Decreto 226/2022, do 22 de decembro.
- **Presentar o xustificante de pagamento** da póliza correspondente ao período da actividade.
- **Dereitos de autor:** Xestionar e abonar á SGAE ou entidade correspondente os dereitos de autor polas actuacións musicais.
- **Dispor de autorizacións adicionais** si se instalan estruturas desmontables (escenarios ou gradas), sendo necesario dispor do certificado de montaxe e seguridade.

A entidade organizadora é responsable do cumprimento íntegro da normativa aplicable, sendo susceptible de sancións ou suspensión de actividades no caso de incumprimento.

- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.
- Comunicar a celebración do evento e a posible concentración de persoas á Policía Local de Ribeira.

20.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN DE USO DA PISCINA “MARÍA VILAS” DO COMPLEXO DEPORTIVO A FIEITEIRA Á FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN, PARA A CELEBRACIÓN DUNHA XORNADA DE TECNIFICACIÓN DE NATACIÓN

LOGO DE VER que D. Juan Carlos Brión Lema, en representación Federación Galega de Natación, presenta escrito de data 05/12/2025, con número de rexistro de entrada municipal 29.313, solicitando:

O USO DE 3 CALLES DA PISCINA MARÍA VILAS VIDAL PARA UNHA XORNADA DE TECNIFICACIÓN DE NATACIÓN O DÍA 17 DE XANEIRO DE 17:00 H A 21:00 H..

CONSIDERACIÓN LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”
2. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
“Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas”.



3. A piscina municipal “María Vilas”, non ten actividade programada para a data solicitada (excepto o uso regular das persoas usuarias do Complexo Deportivo A Fieiteira).
4. En caso de acceder ao solicitado, implicaría ter que pechar a metade das rúas da piscina municipal ao público durante o período de cesión.
5. A Federación Galega de Natación, púxose en contacto co departamento de deportes para modificar o día e horarios da actividade (**solicita para domingo 18 de xaneiro de 2026, de 10.00 a 14.00 horas.**)

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal de data 23-12-25 favorable á mesma con condicionantes, así como a proposta do concelleiro de deportes, de data 23-12-2025, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

Se procede, sexa autorizado o uso da piscina municipal “María Vilas” á Federación Galega de Natación, para a celebración dunha “*Xornada de Tecnificación de Natación*”, o 18 de xaneiro de 2026, cos seguintes condicionantes:

- **A autorización será gratuíta**, conforme o artigo 7º.2 da “*Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais*”, o tratarse dunha actividade de carácter social e formativa.
- A autorización de uso das instalacións da piscina municipal será só para o **domingo 18 de xaneiro de 2026, de 10.00 a 14.00 horas.**
- O solicitante deberá comprometerse a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, asistencia técnica, apertura fora do horario habitual, ...).
- En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretaria xeral acctal., dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

